

## **A normalización lingüística: achegas sociolingüísticas**

Anxo M. Lorenzo Suárez  
Universidade de Vigo

VIIª Escola de Verán de Nova Escola Galega  
Ferrolterra, Fene 2007

---

---

---

---

---

---

---

---

### **Obxectivos deste relatorio**

- Presentar unha descrición e unha valoración da situación sociolingüística actual da lingua galega.
- Comentar algúns dos debates lingüísticos actuais.
- Reflexionar sobre o alcance do chamado 'proceso de normalización lingüística' desde a situación actual (sociolingüística, política, etc.).

Introdución

2

---

---

---

---

---

---

---

---

### **Índice**

1. A vitalidade da lingua galega
2. Política lingüística en Galicia
3. Perspectivas sobre a normalización lingüística

3

---

---

---

---

---

---

---

---

## 1. A vitalidade da lingua galega

- 1.1. Situación sociolingüística xeral
- 1.2. Situación por sectores
- 1.3. Ideoloxías, discursos e debates sobre o galego

4

---

---

---

---

---

---

---

---

## 1.1. Situación sociolingüística xeral

- Situación paradoxal:
  - Continúa en marcha o proceso de substitución social do *galego polo castelán*: perda de falantes iniciais e habituais, etc.
  - Desenvólvese un proceso político, institucional e social de revitalización da lingua galega: presenza crecente do galego en ámbitos de uso institucionalizados, mellora da capacidade para ler e escribir, etc.

5

---

---

---

---

---

---

---

---

## 1.1. Situación sociolingüística xeral

- Algunhas características:
  - Non reprodución da lingua galega:
    - A transmisión lingüística está interrompida: os galego-falantes non transmiten sempre o galego, e os castelán-falantes, tampouco, o que provoca un declive na adquisición primeira do galego.
  - Forte incremento da consideración social da lingua galega:
    - A lingua incorpórase a ámbitos formais e prestixiados, o cal ten unha repercusión positiva na percepción da cidadanía sobre ela.
    - O galego segue tendo prestixio cultural.
    - Este forte incremento non conseguiu eliminar prexuízos e actitudes lingüísticas negativas.

6

---

---

---

---

---

---

---

---

## 1.2. Situación por sectores

- A) Ámbitos en que a galeguización aumentou considerablemente:
  - Institucións públicas: usos lingüísticos institucionalizados.
  - Ensino non universitario.
  - Medios de comunicación públicos.
  - Industrias da cultura.
- B) Ámbitos en que aumentou a presenza do galego:
  - Relixión.
  - Ámbito socio-económico.
- C) Ámbitos en que non houbo cambios significativos:
  - Universidade e investigación.
  - Medios de comunicación privados.
  - Ámbito xudicial.
  - Sanidade.

7

---

---

---

---

---

---

---

---

## Indicadores de vitalidade lingüística

- Aplicación do modelo da UNESCO (2003) para a medición da vitalidade dunha lingua:

**Factores avaliativos principais**

Factor 1: Transmisión lingüística interxeracional.  
Factor 2: Número absoluto de falantes.  
Factor 3: Proporción de falantes respecto da poboación total.  
Factor 4: Tendencias nos ámbitos lingüísticos existentes.  
Factor 5: Resposta aos novos medios e ámbitos de uso.  
Factor 6: Materiais para a educación e a alfabetización.

**Actitudes e políticas lingüísticas**

Factor 7: Políticas e actitudes lingüísticas institucionais e gobernamentais.  
Factor 8: Actitudes dos membros da comunidade cara á súa propia lingua.

**Documentación existente**

Factor 9: Cantidade e calidade da documentación

8

---

---

---

---

---

---

---

---

## 1.3. Ideoloxías, discursos e debates

- A importancia destes factores para a *vitalidade* social e para a *saúde* dunha lingua.
- Tres aspectos:
  - a) O discurso da 'normalización lingüística'.
  - b) O mantemento de actitudes e prexuízos contra a lingua galega.
  - c) Xeración de novos discursos negativos.

9

---

---

---

---

---

---

---

---

### a) O discurso da 'normalización lingüística'

- A 'normalización lingüística' segue constituíndo un discurso prevalente entre un sector importante da sociedade galega.
- Porén, cada vez é máis difícil concordar no seu significado debido á súa polisemia.
  - Discrépase respecto dos *contidos* e, sobre todo, respecto dos seus *obxectivos*.

---

---

---

---

---

---

---

---

### b) Mantemento de actitudes e prexuízos contra a lingua galega

- Malia a cada vez é máis positiva a consideración social do galego, mantéñense socialmente prexuízos e sentimentos negativos: algúns vellos e outros novos.
- É especialmente significativa a existencia de prexuízos diversos sobre a presenza educativa do galego e sobre os programas de ensino bilingüe.

---

---

---

---

---

---

---

---

### b) Mantemento de actitudes e prexuízos contra a lingua galega

- Algúns prexuízos, aínda vixentes, ante a presenza da lingua galega no sistema educativo:
  - *Para aprender galego chega cunha materia de lingua galega.*
  - *Os alumnos/as non dan aprendido ben ningunha das linguas que teñen que aprender na escola.*
  - *A lingua que debe aprender o alumnado é o castelán, porque lles é necesario para a vida.*
  - *Non é preciso perder tempo co galego, xa que hai que aprenderlles outras materias máis importantes.*
  - *Non se poden dar aulas de galego a nenos/as que veñen de familias castelanófonas.*

---

---

---

---

---

---

---

---

### c) Xeración de novos discursos negativos

- A vinculación entre nacionalismo e lingua galega.
- O galego que se fala agora non ten calidade.
- O discurso do 'descoñecemento do galego':
  - "Yo no te hablo el gallego porque no sé".
- A imposición da lingua galega.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Exemplos do discurso da imposición

1.3. Ideoloxías, discursos e debates 14

---

---

---

---

---

---

---

---

### Exemplos do discurso da imposición

1.3. Ideoloxías, discursos e debates 15

---

---

---

---

---

---

---

---

### A 'imposición' do galego: a 'batalla' do ensino

- Na xeración de discursos negativos, recórrase en moitas ocasións á importación de argumentos totalmente alleos (utilizados para criticar a política lingüística catalá ou basca, por exemplo).
- Cando se anuncian ou aproban cambios que supoñen un avance favorables ao galego, espertan reaccións adversas en diversos sectores políticos, sociais e mediáticos.

---

---

---

---

---

---

---

---

### A 'imposición' do galego: a 'batalla' do ensino

- Detonante: a oposición de certos sectores sociais e mediáticos aos cambios no sistema educativo:
  - Creación das *galescolas*.
  - Aprobación do Decreto 124/2007 para o ensino infantil, primario e secundario.
- Quen aventa este conflito?:
  - Certas ideoloxías lingüísticas.
  - Afloran prexuizos e actitudes lingüísticas negativas.
  - A postura do Partido Popular.

---

---

---

---

---

---

---

---

### A 'imposición' do galego: a 'batalla' do ensino

- Falseamento da realidade educativa galega e do modelo lingüístico educativo aplicado en Galicia.
  - Afirmase que en Galicia hai inmersión lingüística en galego!
- Desinformación cara ás familias e cara á sociedade.
- Adxudícanlle ao modelo lingüístico galego en xeral, e á lingua galega en particular, todos os males do sistema educativo:
  - Fracaso escolar; problemas na aprendizaxe dos idiomas; descoñecemento do castelán; etc.



---

---

---

---

---

---

---

---

### A 'imposición' do galego: a 'batalla' do ensino

- Algúns titulares de medios de comunicación:
  - "Imponer la lengua gallega caiga quien caiga" (*Periodismo Digital*, 14/05/2007).
  - "La aberración de imponer una lengua" (*Periodismo Digital*, 29/06/2007).
  - "La pesadilla de las galescolas" (*El Mundo*, 02/09/2007).

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2. Política lingüística en Galicia

- 2.1. Características principais (período 1980-2005).
- 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística).
- 2.3. O *modelo galego* de política e planificación lingüística.
- 2.4. Momento actual.

---

---

---

---

---

---

---

---

### 2.1. Características principais (período 1980-2005)

- Ideoloxías lingüísticas e planificadoras:
  - A procura dun 'bilingüismo harmónico' foi a base da acción lingüística da Xunta de Galicia.
    - Considerouse que galego e castelán eran linguas de uso e de status pleno en Galicia –unha por ser lingua propia, a outra por ser lingua *de facto* unha grande parte da poboación.
    - As actividades de fomento do galego non debían interferir na vitalidade social do castelán nin debían alterar un suposto equilibrio sociolingüístico ao que o pobo galego chegara no momento actual.

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.1. Características principais (período 1980-2005)

### Axentes:

- A Xunta de Galicia foi o xestor máis activo, con investimentos económicos en accións lingüísticas e con actividades realizadas, moitas delas regulares e periódicas.
  - Poucos axentes institucionais significativos.
- Antagonismo entre goberno galego e nacionalismo.

22

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.1. Características principais (período 1980-2005)

### Obxectivos:

- Ambigüidade nos obxectivos: nunca se fixeron explícitos.
- De acordo coa ideoloxía do 'bilingüismo harmónico', o obxectivo primordial foi o de evitar calquera tipo de conflitividade social por cuestións lingüísticas.
- Pretendíase xerar procesos de galeguización individualizados e voluntarios.
  - A maior parte das prácticas planificadoras centráronse en conseguir que os individuos modificasen os seus hábitos lingüísticos individuais para facelos máis favorables ao galego, pero sen forzar situacións, procesos ou eleccións.

23

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.1. Características principais (período 1980-2005)

### Contidos:

- Atención á mellora da competencia lingüística, sobre todo da competencia escrita.
- Incidencia sobre os usos sociais do galego, principalmente sobre os usos lingüísticos formais e elaborados.
- Intento de modificación das actitudes e opinións desfavorables sobre a lingua e sobre os grupos galegófonos, a través da súa oficialización e do aumento do coñecemento do galego.

24

---

---

---

---

---

---

---

---



## 2.1. Características principais (período 1980-2005)

- **Ámbitos de actuación:**
  - Actuación prioritaria sobre certos ámbitos sociais:
    - Ensino non universitario:
      - Posta en marcha dun modelo de ensino bilingüe para acadar unha capacitación plena e semellante en galego e castelán.
    - Administración pública (concellos e Xunta de Galicia).
    - Medios de comunicación públicos.

25

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)

- Que efectos tivo este modelo de política lingüística sobre a vitalidade social e sobre a revitalización da lingua galega?
  - Este aspecto resulta clave para saber a relevancia dun modelo que posúe esas características.
  - A revisión de tales efectos pode facer posible –e mesmo desexable– a exportación deste modelo a outros contextos ou, pola contra, pode considerarse un exemplo negativo que cómpre evitar.

26

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)

- Impactos positivos:
  - Avanzouse considerablemente na adquisición de competencias lectoras e escritas en galego.
  - Mellora xeral da consideración social do galego.
  - O galego conquistou –ou consolidou, dependendo dos casos– ámbitos de uso nos cales a súa presenza era anecdótica ou inexistente ata o momento.

• Aumento xeral do prestixio e do status social da lingua galega

27

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)

- Costa Rico (2004: 1071):

Entre tanto e aos poucos fíase instalando na conciencia dos galego-falantes, a inmensa maioría da poboación, o sentimento de dúbida ante o posíbel valor do galego, falado pero non escrito, falado pero sen norma culta, (...). Un sentimento de dúbida, avivado por prexuízos e polo desprestixio social do galego, o que a miúdo chegaba a transformarse en complexo de inferioridade social e cultural e aínda en ocasións en autoxenreira por parte de quen sentían a necesidade particular de facer desaparecer a súa imaxe galega, proxectada e construída por outros, como manifestación perversa da "profunda humillación espiritual dun pobo".

28

---

---

---

---

---


---

---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)

- Competencias lingüísticas en galego.



29

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)

- Impactos negativos:

- A perda de falantes habituais en galego continúa.
- A redución na presenza da lingua nos usos lingüísticos informais.
- A continua caída da porcentaxe de individuos que reciben o galego como variedade primeira no proceso de socialización primaria.
- Preocupante: o galego na mocidade e, en xeral, nos contextos urbanos.

• Continúa en marcha o proceso de abandono social do galego polo castelán

30

---

---

---

---


---

---

---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)



### Lingua inicial:

- Máis do 50% da poboación ten o galego como lingua inicial.
- Redución de case o 10% en once anos.
- Aumentan os individuos que se declaran bilingües iniciais.

31

---

---

---

---

---

---

---

---


---

---

## 2.2. Análise de impacto (= efectos da política lingüística)

### Lingua habitual:

- Aumento do monolingüismo en castelán (8%) e en galego (6%).
- Descenso do bilingüismo (13% menos).



32

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## 2.3. O modelo galego de política e planificación lingüística

- Este 'modelo galego' de PPL podemos cualificalo como *de baixa intensidade*, conformado por dúas características principais:
  - Pouca densidade planificadora
  - Escasa intervención sociolingüística.

33

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

### 2.3. O modelo galego de política e planificación lingüística

- Pouca densidade planificadora:
  - Desenvolvéronse menos actuacións lingüísticas das necesarias.
  - Intervención de poucos axentes planificadores e escasa profesionalización deles.
  - Non se utilizaron as ferramentas da planificación lingüística para propiciar cambios sociolingüísticos significativos.
    - Por exemplo, non se utilizou a ferramenta dos plans lingüísticos (ata 2004 non houbo un plan xeral para o galego).

34

---

---

---

---

---

---

---

---

### 2.3. O modelo galego de política e planificación lingüística

- Intervención sociolingüística escasa:
  - Desenvolveuse unha política lingüística carente de incidencia social profunda que conducise a cambios significativos nas condutas lingüísticas da sociedade galega, por exemplo:
    - Falta de actividades centradas directamente no aumento dos usos sociais da lingua, sobre todo dos usos informais e interpersonais.
    - Ausencia de actividades que perseguisen a recuperación dos mecanismos de transmisión primaria en galego.
    - Poucas actividades dirixidas a introducir o galego en ámbitos de transcendencia social: medios de comunicación privados, sectores empresariais e económicos, tecnoloxías da información e da comunicación, universidade, etc

35

---

---

---

---

---

---

---

---

### 2.3. O modelo galego de política e planificación lingüística

- Foi este un modelo de xestión lingüística institucional que se distanciou tanto dos modelos máis intervencionistas coma dos modelos de non intervención.
  - Exemplo de política lingüística de intervención intermedia, que podemos cualificar 'de baixa intensidade'.
- Semella un modelo interesante para os casos de mantemento de linguas.
  - Non parece tan apropiado cando se trata de recuperar linguas sometidas a procesos de substitución social.

36

---

---

---

---

---

---

---

---

#### 2.4. Momento actual

- O cambio político favorece, de entrada, o proceso de normalización da lingua galega.
  - Cambio de goberno en 2005: a política lingüística está no pacto de goberno.
    - Creación dunha comisión política de seguimento da política lingüística do goberno.
  - Modificación na xestión lingüística: de DX a SX.
  - O PXNNG, aprobado en 2004 e non aplicado, podía pórse en marcha.

37

---

---

---

---

---

---

---

---

#### 2.4. Momento actual

- Algunhas iniciativas novas salientables:
  - Novo decreto de ensino non universitario e *galescolas*.
  - Creación dunha comisión interdepartamental de normalización lingüística na Xunta de Galicia.
  - Anuncio da creación dun consorcio de planificación lingüística e outro de terminoloxía.
  - Sistema de acreditación das competencias en galego de acordo co marco europeo de referencia.
- Elementos para ter presentes na política lingüística actual:
  - Transversalidade.
  - Consensualidade.
  - Coordinación.

38

---

---

---

---

---

---

---

---

#### 3. Perspectivas sobre a normalización lingüística

- Escenario español
- Escenario galego:
  - Motivos para sermos optimistas e pesimistas
  - Incertezas sobre o futuro do galego

39

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario español

- Máis do 40% da cidadanía española habita comunidades cunha lingua propia ademais do castelán.
- O Estado español foi sempre moi reticente ao recoñecemento do pluriilingüismo.
  - Non se asumiu, con todas as súas consecuencias, o pluralismo lingüístico recoñecido na Constitución española de 1978.
  - O Estado nunca fixo 'pedagogía lingüística' nas comunidades autónomas castelanófonas.
  - As linguas distintas do castelán faladas fóra dos seus territorios quedaron sen protección política.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: motivos para sermos optimistas

- O galego conserva unha importante fortaleza demográfica como lingua inicial e habitual, aínda que esa fortaleza seguen decrecendo.
- O galego entrou en ámbitos de uso impensables hai poucos anos.
- O aumento da capacidade para escribir e ler en galego é un punto de partida imprescindible.
- As actitudes lingüísticas respecto do galego presentan unha mellora considerable.
- A lingua acadou recoñecemento legal e séguense desenvolvendo esforzos sociais e institucionais para a súa 'normalización'.
- Aprobación dun plan de normalización lingüística, consensuado no Parlamento de Galicia en 2004.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: motivos para sermos pesimistas

- Alópanse problemas de extensión do galego nos espazos máis urbanizados e entre a mocidade.
  - Na mocidade: actitude de 'inhição' ante a lingua galega.
- A lingua perde presenza nos usos informais orais e non gaña espazos significativos na escrita.
- Persisten actitudes negativas e prexuízos, e agroman novos elementos negativos.
- Mantéñense ámbitos de uso moi refractarios para o galego (o xudicial ou o socio-económico, por exemplo) e ámbitos pouco galeguizados (xustiza e universidade, por exemplo).
  - Existencia de sectores sociais pasivos:
    - Empresarios/as, profesionais liberais e outros axentes sociais desenténdense do galego.
    - Funcionarios/as que mesmo incumpren a legalidade.
- Fortes desencontros entre os partidos políticos en temas lingüísticos importantes:
  - No debate do proxecto de novo estatuto.
  - No novo decreto de galeguización do ensino.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: tendencias

- Incerteza sobre a situación social actual da lingua galega:
  - Situación complicada:
    - Os indicadores sociolingüísticos básicos son preocupantes (continuación do proceso de substitución social do galego polo castelán).
    - A política lingüística levada a cabo desde 1980 ata hoxe deu resultados pouco alentadores.
  - Atopámonos nun punto de inflexión:
    - O cambio de goberno en 2005 xera unha nova política lingüística que xera debate social e político.
    - Na conxuntura política actual, cómpre analizar entre todos que pasou ata agora e que futuro queremos (se o queremos) para a lingua galega.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: tendencias

- O debate sobre o futuro da lingua pode presentarse nos seguintes termos:
  - A sociedade galega debe decidir se quere seguir apostando polo galego.
  - Se a resposta á cuestión anterior é positiva (o galego debe *salvarse*), debe producirse un debate sobre que significa *salvarse*:
    - Cal será o modelo lingüístico da sociedade galega do futuro?
    - Cales serán as funcións e usos sociais para a lingua galega?
    - Que política e planificación lingüísticas estamos dispostos a asumir para acadar os obxectivos sociolingüísticos consensuados?

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: tendencias

- En definitiva, debemos consensuar entre todos/as cal queremos que sexa o significado e o horizonte futuro diso que chamamos *normalización* da lingua galega.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: tendencias

- O valor económico da lingua galega (1/2):
  - A revitalización do galego enfróntase aos novos desafíos que se formulan na sociedade actual.
  - Nas dinámicas políticas, culturais e económicas do neoliberalismo, os medios de produción de capital privado acadan un papel moi relevante, similar, con frecuencia, ao propio sector público.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Escenario galego: tendencias

- O valor económico da lingua galega (2/2):
  - Nesta nova situación non parece que a revitalización das linguas minoritarias deba seguir centrándose só nos esforzos que os gobernos dedican ao dominio público.
    - Os mercados pasan a ser institucións con capacidade para regular non só os intercambios económicos senón tamén os simbólicos (sociais, culturais e lingüísticos).
    - Por iso parece este un momento propicio para abrir un debate serio sobre as interaccións público-privado, mobilizando sinerxias que teñan como obxectivo poñer en valor a responsabilidade do capital privado, que é quen representa boa parte dos argumentos que axudarán a construír un novo modelo de prestixio para a lingua galega.
    - O capital privado, como é obvio, busca beneficios, pero tamén é obvio que o capital ten dimensións diversas e que capitalizar unha empresa en termos culturais (incluída a lingua) pode, co tempo, converterse en capital económico.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Remate

- Ante os debates e conflitos que se aveciñan por mor da lingua galega, necesitamos actualizar e renovar un argumentario favorable á lingua que sexa novidoso, moderno e orixinal.
- Urxe promover unha discusión aberta e participativa sobre o modelo lingüístico que queremos para a sociedade galega do futuro.

---

---

---

---

---

---

---

---



**Remate**

---

- Gracias!!!

---

---

---

---

---

---

---

---